

Referencia:	2025/20209B
Procedemento:	Expedientes de autorizaciones de uso en carreteras provinciales y sus zonas de afección
Interesado:	ESCUERIA OURENSE
Representante:	ALEJANDRO FRAGA PARADELA
XEFACTURA DO SERVIZO DE VIAS E OBRAS (450)	

INFORME SECTORIAL SOBRE UNHA PROBA DEPORTIVA NON COMPATIBLE CO MANTEMENTO DO TRÁFICO EN ESTRADA PROVINCIAL

0. ÍNDICE

I.	Antecedentes.	1
II.	Situación e descrición da proba.	1
III.	Marco Legal.	3
	Estradas	3
	Procedemento administrativo	3
	Accesibilidade	3
IV.	Consideracións.	3
V.	Conclusións:	6

I. ANTECEDENTES.

- Con data 10/09/2025 recibimos petición de informe sectorial.
- Informe do vixilante de liñas

II. SITUACIÓN E DESCRICIÓN DA PROBA.

Trátase dunha proba deportiva en estradas provinciais en Vilardevós, Verín, Monterrei e Oimbra (Ourense) denominada “RALLY DA AGUA TRANSIBERICO” a celebrar os días 19/09/2025 e 20/09/2025, que afecta as vías seguintes da Deputación:

Clave	Denominación	P.Q. inicio	P.Q. fin	Marxe
Tipo solo	Tipo estrada	Categoriza. funcional		Zona
OU-1006	VILARDEVÓS (OU-310) - VILARELLO DA COTA	6,800	9,000	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público
OU-1007	MANDÍN - FECES DE CIMA	2,600	4,400	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público
OU-1012	ALBARELLOS (OU-143) - OÍMBRA	2,500	7,300	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público
OU-1014	VERÍN (N-525) - BALNEARIO DE REQUEIXO	4,500	5,780	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público

III. MARCO LEGAL.

Estradas

- Ordenanza reguladora de uso e defensa das estradas provinciais
- Lei 8/2013 de 28 de xuño de estradas de Galicia, publicada no DOG de 12 de xullo, e modificacións posteriores. Citareina como **LEG**.
- Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio (DOG do 20 de xuño) e con posterior corrección de erros publicado no DOG do 3 de agosto, e modificacións posteriores. Citareino como **RXEG**.
- Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo (OAEG).
- Instrucións de estradas.

Procedemento administrativo

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (**LPAC**).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público (**LRXSP**).

Accesibilidade

- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación de persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos e edificación.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

IV. CONSIDERACIÓNS.

Deberá ser tido en consideración o artigo 22.d da LAP

“Artículo 22 Suspensión del plazo máximo para resolver

d) Cuando se soliciten informes preceptivos a un órgano de la misma o distinta Administración, por el tiempo que medie entre la petición, que deberá comunicarse a los interesados, y la recepción del informe, que igualmente deberá ser comunicada a los mismos. Este plazo de suspensión no podrá exceder en ningún caso de tres meses. En caso de no recibirse el informe en el plazo indicado, proseguirá el procedimiento.”

Polo tanto o expediente deberá reiniciarse no prazo de tres meses dende a petición do informe a Deputación.

Tamén será de aplicación o artigo 80.1 da LAP

Artículo 80 Emisión de informes

Los informes serán emitidos a través de medios electrónicos y de acuerdo con los requisitos que señala el artículo 26 en el plazo de diez días, salvo que una disposición o el cumplimiento del resto de los plazos del procedimiento permita o exija otro plazo mayor o menor.

Serán de aplicación os seguintes artigos do RXEG:

Artigo 67. Informe sobre actuacións doutras administracións

1. Con carácter previo á solicitude de autorización, as administracións públicas e o resto de entidades integrantes do sector público que pretendan realizar calquera tipo de actuación que afecte o dominio público viario deberán solicitarlle á súa correspondente Administración titular que emita informe sobre a viabilidade da actuación pretendida no prazo dun (1) mes, con carácter vinculante. Ademais, poderán solicitar información e orientación verbo dos requisitos técnicos e xurídicos que as disposicións vixentes lles impoñan

Cando unha administración solicita un informe vinculante, o prazo para emitilo é de un (1) mes

Serán de aplicacións os seguintes artigos do RXEG:

Artigo 87. Medidas relativas á funcionalidade da vía

A Administración titular da rede de estradas, no ámbito das súas competencias:

- a) Poderá impor de xeito motivado limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos treitos daquela, así como para determinados tipos de vehículos, nos supostos previstos na normativa en materia de circulación (artigo 36 LEG).
- b) Emitirá os informes vinculantes, aos cales se refire a normativa vixente en materia de circulación e vehículos, para outorgar a autorización complementaria de circulación de transportes especiais que así o requiran e a autorización previa de probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos ou usos especiais da estrada.
- c) Poderá establecer estacións e centros de control, lugares de inspección e pesaxe de vehículos e estacións de medición para o coñecemento e control das características da demanda de tráfico.

Polo tanto a Deputación é competente só para a emisión de informes vinculantes que requiran autorización previa para probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos. Non lle corresponde a autorización a esta administración provincial.

Serán de aplicacións os seguintes artigos do RXEG:

Artigo 89 Restricións á circulación

1. Corresponde á Administración titular da estrada a autorización de restricións á circulación motivadas por deficiencias físicas da infraestrutura ou pola realización de obras nesta, cando supoñan limitacións temporais por cortes dun ou máis carrís de circulación ou, mesmo, o peche á circulación de toda a estrada.
Neses casos, deberá contemplarse, sempre que sexa posible, a habilitación dun itinerario alternativo e a súa sinalización, e as restricións á circulación aplicaranse segundo o previsto na normativa de circulación.
2. As autorizacións por restricións á circulación por obras fixas que impliquen ocupacións da calzada en travesías débense notificar aos concellos onde se produzan.
3. As autorizacións de restrición á circulación por obras que impliquen o peche total da calzada débense notificar aos concellos onde se produzan e ás administracións titulares das vías públicas polas que se propoña a realización dos desvíos de tráfico correspondentes.

En consecuencia, o titular da estrada é competente para o corte parcial ou total da vía e deberanse habilitar os medios necesarios para evitar riscos tanto os usuarios da estrada como os que participan na actuación. Tamén deberá ser notificado ao concello do uso especial da estrada

Artigo 90. Comunicación das limitacións á circulación

1. Seranlle comunicadas á Administración competente en materia de tráfico, coa máxima antelación posible, todas as limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos treitos da rede de estradas, así como para determinados tipos de vehículos, nos supostos previstos na normativa en materia de circulación que, de xeito motivado, impoña a Administración titular da rede de estradas, cando as condicións meteorolóxicas, a situación da estrada, a seguridade viaria ou a seguridade das persoas usuarias así o exixa.
2. As limitacións á circulación que supoñan o peche total da estrada ou que poidan provocar importantes colapsos de tráfico deben anunciarse especificamente en medios de comunicación de ampla difusión.

Consonte o reflectido neste artigo, se notificará a DXT e se publicarán as limitacións en medios de comunicación de ampla difusión posto que poden producir colapsos ou cortes. Ademais será axeitada a súa notificación o concello afectado

Artigo 91. Usos especiais da estrada

1. A Administración titular da estrada emitirá o informe vinculante a que se refire a normativa vixente en materia de circulación e vehículos cando, segundo ela, requiran autorización previa ou autorización complementaria de circulación, nos seguintes supostos:

- a) Transportes especiais.
 - b) Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.
 - c) Outros usos especiais da estrada.
2. Para emitir o antedito informe, a Administración titular da estrada poderá requirirle á persoa solicitante da autorización a presentación dun estudo detallado en que xustifique que o uso especial da estrada non lle producirá danos a esta, garantirá a fluidez da circulación e realizarase tomando as medidas necesarias para reducir ao máximo as afeccións ao resto das persoas usuarias da estrada.
 3. O estudo necesario para emitir o informe será suscrito por profesional técnico competente e deberá ter, como mínimo, o seguinte contido:
 - a) Descrición da actividade que se vai desenvolver.
 - b) Itinerarios e treitos da rede de estradas afectados, e tipo de vehículos empregados, analizando a compatibilidade entre eles, especialmente no que se refire a raios de xiro en calzadas e interseccións, delimitacións verticais e horizontais e outras limitacións á circulación.
 - c) Impacto sobre a rede de estradas, tanto no que respecta á fluidez da circulación como aos efectos sobre o conxunto de elementos da estrada e, en particular, sobre os firmes, as estruturas, o sistema de drenaxe e os elementos de sinalización, balizamento, defensas e iluminación.
 - d) Medidas propostas para eliminar ou paliar os impactos identificados.
 4. No informe estableceranse os requisitos necesarios para garantir o cumprimento de todos os condicionantes expresados neste artigo e, no caso de que se emita en sentido favorable como poderá exixirse a constitución dunha garantía para responder dos danos e perdas que se poidan ocasionar ao dominio público viario.
 5. Cando os usos especiais resulten incompatibles coa seguridade da infraestrutura ou a fluidez da circulación, os informes deben establecer as correspondentes limitacións á circulación ou restricións no uso xeral da rede.
 6. No caso de transportes especiais, o informe vinculante poderase referir a unha viaxe en concreto ou a diversas viaxes durante un período. Ademais, neste último caso, o informe poderase referir a un itinerario concreto ou a un conxunto de estradas.
 7. Agás que se poida habilitar un itinerario alternativo na estrada, os informes referentes a feiras, festas, desfiles e outros usos especiais da estrada similares determinaran de xeito específico que as actividades deben ter lugar, preferentemente, fóra da zona de dominio público.
As zonas onde se desenvolvan estas actividades deben delimitarse, por parte das persoas promotoras ou organizadoras, coas medidas de protección necesarias para evitar riscos tanto para as persoas asistentes á celebración dos actos como para as persoas usuarias da estrada.

Polo tanto a Deputación é competente só para a emisión de informes vinculantes que requiran autorización previa para probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos. Non lle corresponde a autorización a esta administración provincial.

Artigo 92. Control de usos

A Administración titular da rede de estradas poderá establecer estacións e centros de control, lugares de inspección e pesaxe de vehículos e estacións de medición para o coñecemento e control das características da demanda de tráfico. As sobrecargas que constitúan infracción sancionaranas as autoridades competentes en cada caso.

Artigo 155. Consulta previa sobre a viabilidade de autorizacións

1. Con carácter previo á solicitude de autorización, as persoas interesadas poderán consultar o órgano a que lle corresponda outorgar a autorización sobre a viabilidade da actuación pretendida, así como obter información e orientación verbo dos requisitos técnicos e xurídicos que as disposicións vixentes lle impoñan (artigo 48.3 LEG).
2. Para esta consulta previa, cuxa natureza debe ser expresamente indicada na solicitude presentada pola persoa interesada, non será necesaria a presentación do proxecto, e bastará unha descrición e representación gráfica suficientemente precisas da actuación que se pretende realizar, e os datos necesarios para a súa correcta localización, así como os datos requiridos de xeito xenérico para as solicitudes de iniciación por instancia de parte na lexislación en materia de procedemento administrativo.
3. O informe derivado da consulta previa deberá notificarse no prazo de seis (6) meses contados desde o día seguinte ao da entrada da consulta no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Cando un particular solicita un informe previo, o prazo para emitilo é de seis (6) meses

V. CONCLUSIONES:

En base o exposto, entendo que se pode informar positivamente, consonte os artigos 87, 90 a 92 do Regulamento de estradas de Galicia, a celebración do “RALLY DA AGUA TRANSIBERICO”, os días 19/09/2025 e 20/09/2025 con corte o tránsito de varias estradas provinciais solicitado pola ESCUDERIA OURENSE, con CIF G32027344. Afecta as vías da táboa e coas condicións seguintes:

ESTRADAS

Clave	Denominación	P.Q. inicio	P.Q. fin	Marxe
Tipo solo	Tipo estrada	Categoriza. funcional		Zona
OU-1006	VILARDEVÓS (OU-310) - VILARELLO DA COTA	6,800	9,000	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público
OU-1007	MANDÍN - FECES DE CIMA	2,600	4,400	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público
OU-1012	ALBARELLOS (OU-143) - OÍMBRA	2,500	7,300	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público
OU-1014	VERÍN (N-525) - BALNEARIO DE REQUEIXO	4,500	5,780	Ambas
	Convencional	Local		Dominio público

CONDICIÓN PARTICULARES:

PRIMEIRA.- Será responsabilidade do promotor a sinalización e ordenación do tráfico para garantir a seguridade dos participantes e dos usuarios das estradas mentres dure a proba e para informar os usuarios dos desvíos alternativos.

SEGUNDA.- Será responsabilidade do promotor a reparación dos danos que poidan producirse na estrada ou as indemnizacións a terceiros que poidan ocasionarse mentres dure a proba. Tamén a limpeza das estradas, despois da proba e antes da apertura o tráfico, corresponderá o promotor. A este efecto deberán notificar o fin da proba e das labores de reposición e limpeza nas estradas para unha inspección conxunta.

TERCEIRA.- Deberán anunciar con antelación (o fin de semana anterior) a proba e a súa incidencia na circulación nos medios de difusión. Deberá publicitar ademais os desvíos alternativos, e sinalizalos axeitadamente.

CUARTA.- Deberá contratar, antes do inicio da proba, unha póliza de seguros para posibles danos e reclamacións de terceiros ou por danos producidos na estrada. Sen esta póliza non terá validez este informe.

QUINTA.- Se notificará a DXT e concellos a celebración da proba nos treitos coincidentes coas anteditas estradas e deberán solicitarse as preceptivas autorizacións

SEXTA.- Deberá dispoñer en todo momento de persoal na estrada que facilite os movementos de entrada nas propiedades lindantes coa vía, ou vehículos especiais como ambulancias, bombeiros, vehículos pesados, etc..

SÉTIMA.- As instalacións localizaranse preferentemente fora da zona de dominio público e habilitarán os medios necesarios para evitar riscos tanto os usuarios da estrada como os que participen na proba e deixar o espazo necesario para unha posible evacuación ou acceso necesario as propiedades de urxencia.